

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que se ha recibido neste Servicio escrito de D. Juan Alonso Alvarez, en calidade de presidente de Montes de Progo, con data 21 de novembro de 1996, solicitando a transformación en convenio do consorcio "Salto do Cabalo" (OR-2044) na parte correspondente a súa propiedade.

2º.- Que se acompaña certificación do secretario da Comunidade D. Francisco Lorenzo Fernández na que se fai constar que en asemblea xeral, en data 15-9-1996 tomouse o acordo de inciar os trámites para a subscripción do convenio.

3º.- Que o monte veciñal en man común de Progo que se quere convenir componse de 65,70 Has. que constitúe unha parte das 138,60 Has. que forman o consorcio do monte "Slto do Cabalo" OR-2044.

4º.- Que en sesión do 28 de febreiro de 1977, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar o monte "Salto do Cabalo" a favor dos veciños de Progo, do termo municipal de Riós, sendo firme o acordo o non ter reclamacions presentadas en prazo.

5º.- Que os traballos de repoboación imputables o consorcio "Salto do Cabalo" (OR-2044) comezaron no ano 1952.

6º.- Que o estado de contas do monte "Salto do Cabalo" (OR-2044), na parte correspondente os veciños de Progo, é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "SALTO DO CABALO" (OR-2044), NA
PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE PROGO.

ATA O 28 DE FEBREIRO DE 1977

-GASTOS:

-Gastos totais do consorcio: 1.300.603 Pts

Corresponden os veciños de Progo:

-Traballos: 1.300.603.-Pts.x65,70 HA/138,6 Ha.	616.520 "
-Administración: 7,85% s/616.520.-Ptas.	48.397 "
-Gardería 650 ptas./Ha. x 65,70 Ha.	<u>42.705 "</u>
TOTAL GASTOS	707.622 Pts.

-INGRESOS:

-Ingresos totais do consorcio : 70.796 Pts.

Corresponden ós veciños de Progo:

-aproveitamentos maderables:70.976ptsx65,70 Ha./	
138,60Ha.	33.645 Pts.
-Condonación débeda lei 13/1989	<u>673.977 Pts.</u>
TOTAL INGRESOS	707.622 Pts.

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data de clasificación.

DENDE O 28 DE FEBRERO DE 1977 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1996

-GASTOS:

-Gastos totais do consorcio : 5.230.873.-Pts.

Corresponden ós veciños de Progo:

-Traballos: 5.230.873ptas.x65,70Ha./138,60Ha.	2.479.570.-Ptas.
-Administración: 7,85% s/2.479.570.-Ptas.	194.646.-Ptas.
-Gardería: 910 ptas./Ha. 65,70Ha.	<u>59.787.-Ptas.</u>
TOTAL GASTOS	2.734.003.-Ptas.

-INGRESOS:

-Totais do Consorcio: 3.313.874.-Ptas.

Corresponden ós veciños de Progo:

-Aproveitamentos maderables:

3.373.874ptas. x 65,70Ha./138,60 Ha. 1.570.862.-Ptas.

TOTAIS INGRESOS 1.570.862.-Ptas.

RSULTA UN SALDO NO MONTE "SALTO DO CABALO" (OR-2044)

DE:

G - I = 2.734.003 ptas. - 1.570.862ptas. = 1.163.141.- Ptas.

A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E:

1º.- Que se aprobe o convenio coas seguintes bases:

Nome: "SALTO DO CABALO".

Elenco: 32155112

Superficie: 65,70 Ha.

Pertenza: Veciños de Progo.

Termo municipal: Rios

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do convenio: 1.163.141.-Ptas. a favor da Xunta de Galicia.

2º.- que no sucesivo o consorcio "Salto do Cabalo" (OR-2044) teña as seguintes características:

Nome: Salto do Cabalo

Elenco: OR-2044

Superficie: 72,90 Ha.

Pertenza: Lamasdeite e Villardevos.

Termo municipaL: Villardevos.

A restar da conta de gastos: 3.096.090.-Ptas.
A restar da conta de ingresos: 1.604.507.-Ptas.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 1997.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.


EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio OR-2044 do monte "Salto do Cabalo" nun convenio entre a Conselleria de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños de Progo propietaria do citado Monte Veciñal en Man Común Saldo do Cabalo, do que quedarían conveniadas 65,70 Has. e a vista dos informes, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 1997.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,


Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio coas seguintes características:

Nome: "Salto do Cabalo".

Elenco: 32155112

Superficie: 65,70 Hás.

Pertenza: Veciños de Progo.

Termo municipal: Rios

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do convenio: 1.163.141.-Ptas. a favor da Xunta de Galicia.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Salto do Cabalo" (OR-2044) teña as seguintes características:

Nome: Saldo do Cabalo.

Elenco: OR-2044.

Superficie: 72,90 Has.

Pertenza: Lamasdeite e Villardevos.

Termo municipal: Villardevos.

A restar da conta de gastos: 3.096.090.-Ptas.
A restar da conta de ingresos: 1.604.507.-Ptas.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 22 de abril 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	55112
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, POR DELEGACION DO Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ ORDE DO 13-12-1.993

Da outra, D. JUAN ALONSO ALVAREZ , como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE SALTO DO CABALO , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto: ANO

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a OS VECIÑOS DE PROGO

e son os que a continuación se describen:

Denominación: MONTE VECINAL EN MAN COMUN DE PROGO

Termo municipal: RIOS Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal: MONTE VECINAL EN MANO COMUN PERTENECIENTE A LOS VECINOS
DE PROGO

Límites:

N.: FINCAS PARTICULARES

S.: TERMINO MUNICIPAL DE VILLARDEVOS(MONTES DE LAMARDEITE Y VILLARDEVOS).

L.: MONTES DE POUSADA Y MOYALDE (VILLARDEVOS)

O.: MONTE S. MAMED DE VILLARINO DAS TOUZAS

Superficie: 65,70 Has.

Estado forestal: Repoblación de Pinos Pinaster 65,7 Has.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: 0 Has.

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
65,70 Has.

Sen vexetación arbórea:

Servidumes: Alguna de paso.

3ª.— O chan continuará pertencendo a Veciños de Progo

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50% por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50% por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1% por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue:

Salto do Cabalo (OR- 2044)

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30% por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o 70% por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de 40 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pino Pinaster y

~~Pino Sylvestris en general y alguna frondosa~~

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSE MANUEL BALTAR BLANCO, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "SALTO DE CABALO" a favor dos veciños de Progo, no Concello de RIÓS.

2.— Que, así mesmo, figura Don JUAN ALONSO ALVAREZ, e Don FRANCISCO LORENZO FERNANDEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica dende o 7 de xuño de 1996 ata o 7 de xuño de 2000.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense a 10 de marzo de 199 7.



Don FRANCISCO LORENZO FERNANDEZ, Secretario de MONTES VECIÑAIS SALTO DO CABALO DE PROGO.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 15 de Septiembre de 1.996 estando designado Don JUAN ALONSO ALVAREZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en PROGO (OURENSE)

a VEINTE de NOVIEMBRE de mil novecentos noventa e SEIS.

O SECRETARIO,

Visto e praxe,

Juan Alonso

F. Lorenzo

O PRESIDENTE

Asdo.: JUAN ALONSO ALVAREZ

Asdo.: FRANCISCO LORENZO FERNANDEZ

D: TOMAS FERNANDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Juan Alonso

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO
P/D
O SECRETARIO XERAL



ASDO. Antonio Luis Rosón Pérez
(0. do 13/12/93)